



BOP

SÁBADO, 23 DE ENERO DE 2010

Nº 18

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Delegación Territorial de Lugo

Resolución do 27 de novembro de 2009 do Departamento Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica do Concello de Rábade. (Nº expte: IN407A 2008/215-2-7392-AT).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: BEGASA.
- Domicilio social: R/. CIDADE DE VIVEIRO, 4, 1º, 27002, LUGO.
- Denominación: LMTS, CT E RBT SIGALSA, 3.
- Situación: CONCELLO DE RÁBADE.
- Características técnicas:
 - LMTS a 20 kv, consistente en anelar o CT proxectado Sigalsa 3, entre o CS Sariego e a conversión aéreo-soterrada S289192 (liña augas), cunha lonxitude de 550 metros de conductor proxectado tipo RHZ-240.
 - CT Sigalsa 3 en edificio prefabricado, cunha potencia proxectada de 630 kva, relación de transformación 20.000/400-230V.
 - RBTS con orixe no CT proxectado e final en Talleres Rábade e Prefabricados Paredes, en conductor tipo RV e RZ.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 27 de novembro de 2009.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 00121

Resolución do 4 de decembro de 2009 do Departamento Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica do Concello de Mondoñedo. (Expediente IN407A 2008/238-2-7384-AT).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: BEGASA.
- Domicilio social: R/. CIDADE DE VIVEIRO, 4, 1º, 27002, LUGO.
- Denominación: REFORMA CTC CARROCIERÍAS E ENLACE CAS RBTS EXISTENTES.
- Situación: CONCELLO DE MONDOÑEDO.
- Características técnicas:
 - Modificación na LMT Mondoñedo a 20 Kv, tramo CT S. Lucas a CT Juzgados, consistente na realización de 8 metros de canalización para a conexión do novo CT de conductor tipo RHZ-150.
 - CT Carrocerías prefabricado, cunha potencia proxectada de 630 Kva, unha potencia inicial de 250 Kva e unha relación de transformación de 20.000/400-230V.
 - RBT soterrada con orixe no CT Carrocerías e final nas RBT's existentes, cunha lonxitude de 215 metros en conductor RV.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 4 de decembro de 2009.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 00122

Consellería do Mar

Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños

Resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños de data de 4 de xaneiro de 2010 pola que se abre información pública correspondente ó expediente de expropiación forzosa que se tramita con motivo das obras incluídas no proxecto sectorial de incidencia supramunicipal ampliación II de granxa mariña na praia de Lago, Xove (Lugo), promovido por Insuiña, Sociedade Limitada.

Insuiña, Sociedade Limitada, instou a incoación do expediente de expropiación forzosa para dispor dos terrenos necesarios para a execución das obras ampliación II de granxa mariña na praia de Lago, Xove (Lugo), incluídas no proxecto sectorial de incidencia supramunicipal aprobado con data de 17 de abril de 2009 para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia.

A aprobación definitiva do proxecto sectorial comporta a declaración de utilidade pública ós efectos de expropiación forzosa.

Na súa virtude, e ós efectos sinalados no capítulo segundo do título segundo da vixente Lei de Expropiación Forzosa e os concordantes do regulamento para a súa aplicación, esta Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños resolveu abrir información pública durante un prazo de quinde días hábiles, contados na forma disposta no artigo 17 do regulamento de 26 de abril de 1957, para que os titulares dos bens e dereitos afectados pola execución das obras e tódalas demais persoas ou entidades interesadas, poidan formular por escrito ante este Departamento, as alegacións que consideren oportunas, de acordo co previsto nos artigos 18 e 19 da Lei de Expropiación Forzosa.

O anexo de expropiación poderase consultar na Consellería do Mar, Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, edificio administrativo da Xunta de Galicia en San Caetano, Santiago de Compostela, así como no Concello de Xove (Lugo).

Esta publicación servirá de notificación para os interesados descoñecidos ou de ignorado domicilio ós efectos previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados:

Termo municipal: Xove.

Finca: 483.

Titular: Pilar Prieto Prieto.

Domicilio: Áspera, 2 - Lago, Xove (Lugo).

Superficie afectada: 492 m².

Destino agrícola: Monte.

Clasificación urbanística: Solo rústico.

Referencia catastral: 27025A010004830000JI.

Santiago de Compostela, a 4 de xaneiro de 2010.- O Director Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, Ramón Fernández Asensio.

R. 00168

Consellería de Traballo e Benestar

Delegación Territorial de Lugo

TB 110250.

Expte. 27-566.

ASOC. PROFESIONAIS.

ANUNCIO DE MODIFICACION DE ESTATUTOS.

En cumprimento do disposto na normativa legal vixente sobre o depósito de estatutos de asociacións profesionais, e para os efectos previstos na mesma, co obxecto da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, faise público que no correspondente Servizo deste Departamento Territorial foi depositada o 28 de decembro de 2009 certificación da reunión celebrada o 11 de decembro de 2009 pola asemblea da ASOCIACIÓN DE GANDEIROS A FONSAGRADA na que se recolle o acordo acadado en relación coa modificación dos artigos 2, 8 e supresión do 35 dos estatutos.

Lugo, 8 de xaneiro de 2010.- O Xefe Territorial, Antonio Dacal López.

R. 00189

AYUNTAMIENTOS

ALFOZ

Información pública

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 31 de decembro de 2009, prestou aprobación os seguintes padróns:

- Padrón da taxa polo subministro de auga (3º trimestre do 2009).

- Padrón da taxa polo servizo de recollida do lixo (3º trimestre do 2009).

- Padrón do canon de saneamento (3º trimestre do 2009).

Ditos padróns expóñense ó público por prazo de 15 días, a efectos de exame e reclamacións e entenderanse definitivamente aprobados de non presentarse reclamación algunha contra eles.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns, poderá interporse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da finalización do prazo de exposición pública.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso - administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da Referida Xurisdición.

ANUNCIO DE COBRANZA

Fixase o período de cobro en voluntaria dende o 14 de xaneiro ó 28 de febreiro de 2010, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición o público dos padróns e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Alfoz, a 13 de xaneiro de 2010.- O Alcalde, Emilio Losas Muíña.

R. 00132

BARALLA

Anuncio

BASES PARA CUBRIR COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE CONCURSO, UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL.

PRIMEIRA.- NORMAS XERAIS.

1.1 **OBJECTO:** Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección de persoal laboral fixo para cubrir unha praza de traballador/a social do Concello de Baralla, polo sistema de concurso de méritos, vacante no cadro de persoal desta Corporación e incluída na Oferta de Emprego Público aprobada por resolución de Alcaldía de data 21 de maio de 2007 e publicada no BOP número 134, coas seguintes características:

Denominación: Traballador/a social do Concello de Baralla.

Número de vacantes: Unha.

Titulación: Titulado universitario medio (Diplomado).
Persoal laboral fixo.

1.2 **NORMAS DE APLICACIÓN:** As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido, na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; no Real Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da

Lei da Función Pública de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/914, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que se opoña ó Real Decreto Legislativo 1/2008 de 13 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3 O sistema de selección dos aspirantes será o concurso de méritos.

1.4 A presente convocatoria publicarase íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un extracto da mesma no Boletín Oficial do Estado e no DOGA. O resto das publicacións a que faga referencia a lexislación vixente entenderanse referidas exclusivamente ó Boletín Oficial da Provincia de Lugo e ó taboleiro de anuncios do Concello de Baralla.

SEGUNDA.- FUNCÍONS E INCOMPATIBILIDADES DO POSTO DE TRABALLO.

2.1 **COMETIDO FUNCIONAL:** O cometido funcional deste posto de traballo estará integrado polas funcións derivadas da xestión dos Servizos Sociais de atención primaria do Concello de Baralla, de acordo coa lexislación en cada momento vixente, e en calquera caso, todas aquelas que lle sexan encomendadas pola Alcaldía de acordo co seu nivel de coñecementos, titulación, grupo e categoría profesional.

2.2 **INCOMPATIBILIDADES:** O aspirante que obtén a praza de traballo á que se refire esta convocatoria estará sometido ó réxime de incompatibilidades que determinan as disposicións vixentes (Lei 53/84, de 26 de decembro e concordantes).

TERCEIRA.- CONDICÍONS OU REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo.

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrase inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación de diplomado en traballo social. No caso de titulacións obtidas no extranxeiro deberase de estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

CUARTA.- SOLICITUDES.

4.1 A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como anexo ás presentes bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web, e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Baralla. Presentarase, debidamente cuberto no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de vinte (20) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE). Se o último día fose sábado, domingo ou festivo, o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

Poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (LRXAP e PAC).

4.2 Coas solicitudes achegaranse os documentos que a continuación se indican:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte.

Ademáis os aspirantes extranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ó cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

b) Fotocopia compulsada do título académico, ou, no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.

c) Declaración na que manifesten que reúnan todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación das instancias. Así mesmo, os aspirantes comprométese no caso de ser propostos para a formalización do correspondente contrato de traballo, a prestar xuramento ou promesa de acordo co que determina o Real Decreto

707/1979, do 5 de abril. Esta declaración queda incorporada ó modelo de solicitude.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de un mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Casa do Concello, sinalándose un prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, conforme ao disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, para subsanar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Resoltas estas reclamacións publicaranse as listas definitivas na mesma forma que no caso anterior.

Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá postestativamente interpoñer recurso de reposición, no prazo de un mes ante o órgano que dictou o acto, ou directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación do edicto no BOP.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal cualificador estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará como presidente e outro como secretario do Tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público. A súa designación nominal publicarase no Boletín Oficial da Provincia conxuntamente coa fixación da data de convocatoria do Tribunal para a valoración de méritos. O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizárase por Decreto da Alcaldía.

De conformidade co artigo 60 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, o Tribunal terá a seguinte composición:

Presidente: Un empregado público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado, da mesma ou doutras Administracións Públicas distintas do Concello de Baralla.

Secretario: O da Corporación.

Vogais: Tres empregados públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado, da mesma ou doutras Administracións Públicas distintas do Concello de Baralla.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recursar aos membros do Tribunal cando concorran neles algunha das

circunstancias previstas na presente base, conforme ao artigo 29 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O Tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requirirase a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou dos que legalmente os substituirán.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. Ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo Tribunal.

Os membros do Tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

O sistema de selección dos aspirantes será de concurso de méritos, valorándose como a continuación se indica:

Puntuación máxima total: 30 puntos.

7.1 EXPERIENCIA PROFESIONAL.

A puntuación máxima neste apartado será de 15 puntos, valorándose a experiencia na praza nos seguintes termos:

- Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas ao servizo de calquera Administración Pública como traballador/a social, puntuarase a razón de 0,12 puntos por mes completo.

- Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas ao servizo de calquera entidade privada en igual ou similar categoría, e relacionada coa praza obxecto da convocatoria na categoría de traballador/a social, puntuarase a razón de 0,06 puntos por mes completo.

A xustificación deste apartado farase coa presentación de informe de vida laboral complementado obrigatoriamente, con contratos de traballo ou certificado da Entidade contratante.

7.2 FORMACIÓN DE POST-GRAO.

Só se puntuará un dos apartados, sendo a puntuación máxima neste apartado de 3 puntos.

Pola realización do máster en drogodependencias e sida, impartido por centros dependentes de Organismos Oficiais (Colexios Oficiais, Organismos Internacionais, escolas de formación de funcionarios, Institutos de Investigación...etc), 3 puntos.

Pola realización de estudos de postgrao, másters ou cursos de especialización relacionados co posto a desempeñar, exceptuando o anterior e impartidos por Centros dependentes de organismos oficiais, 1 punto por cada un deles.

7.3 ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS.

Por participación en cursos, xornadas ou seminarios, impartidos por Centros de Formación (dependentes de Organismos Oficiais) relacionados co posto a desempeñar, ata un máximo de 6 puntos. Valorarase a razón de:

- a) Cursos de 10 a 20 horas: 0,15 puntos por curso.
- b) Cursos de 21 a 50 horas: 0,30 puntos por curso.
- c) Cursos de 51 a 100 horas: 0,60 puntos por curso.
- d) Cursos de máis de 100 horas: 1,50 puntos por curso.
- e) Xornadas ou seminarios de oito ou máis horas de duración: 0,10 puntos por cada un.

Este apartado xustificarse mediante diploma ou certificación da asistencia orixinal ou copia compulsada.

7.4 COÑECEMENTO DE INFOMÁTICA.

A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos, valorándose nos seguintes termos:

- Pola realización do curso da aplicación informática do sistema de información de usuarios de servizos sociais (SIUSS), versión 3.0, nivel básico: 1,00 punto.

- Pola realización de cursos de 300 horas ou máis, relacionadas coas aplicacións informáticas para o desenvolvemento do traballo na oficina: 2,00 puntos.

7.5 POLO COÑECEMENTO ACREDITADO DO IDIOMA GALEGO.

Neste apartado valorarase o coñecemento do idioma galego cunha puntuación máxima de 1 punto.

Curso de iniciación ao galego ou Celga equivalente según normativa vixente: 0,5 puntos.

Curso de perfeccionamento ao galego ou Celga equivalente según normativa vixente: 1 punto.

Soamente valolarase o grao superior alegado.

7.6 MEMORIA CURRICULAR E ENTREVISTA.

A puntuación máxima deste apartado será de 2 puntos.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións outorgadas nos diferentes apartados sinalados anteriormente, e serán requeridos para que no día e hora que se lles sinale en presenza do Tribunal se valore mediante entrevista curricular o seu posto, sendo

únicamente seleccionado/a aquel/a que supere o 50 % dos puntos correspondentes ao concurso de méritos, en caso contrario declararase deserto o proceso selectivo.

OITAVA.- RELACIÓN DE ASPIRANTES QUE SUPERARON O CONCURSO.

O resultado final do concurso virá determinado pola suma das puntuacións obtidas na totalidade dos apartados.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, aquel resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no primeiro apartado 7.1 e, se iso non fora suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos apartados ata que se resolva o mesmo.

Finalizado o concurso o Tribunal fará pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, a relación definitiva dos aspirantes pola orde da puntuación obtida, coa indicación do nome e apelidos e o DNI do candidato incluído na proposta para a formalización do contrato. Esta relación elevarase ao señor Alcalde-Presidente, acompañada da acta de sesión.

O Tribunal non poderá propoñer un número superior de aspirantes a contratar que o de prazas convocadas.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

O aspirante seleccionado, achegará no prazo máximo de 5 días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados/as, no Rexistro Xeral da Corporación, os documentos seguintes:

1) Certificado médico.

2) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

3) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente ós efectos da contratación.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade, deberán presentar certificado dos órganos competentes que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

De non presentarse dentro do prazo fixado a documentación esixida nestas bases, agás no caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dudúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actua-

cións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, será nomeado/a polo Sr. Alcalde resolverá o proceso selectivo e se procederá a formalización do contrato laboral conforme a lexislación vixente.

Tomará posesión no prazo dun mes dende a publicación do seu nomeamento.

UNDÉCIMA.- IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Si transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso – administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso – administrativo a súa elección ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma e na forma establecidas na Lei 30/1992 de 26 de novembro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso – Administrativa.

* Así mesmo, a Xurisdicción competente para resolver as controversias en relación aos efectos e resolucións do contrato laboral serán de xurisdicción social.

MODELO DE SOLICITUDE.

D./ Dona ... , con D.N.I. número ... e con enderezo a efecto de notificacións en ... teléfono ... enteirado/a da convocatoria para cubrir un posto de traballo de traballador/a social do Concello de Baralla, mediante concurso de méritos, publicada no B.O.P. ... de data ..., no DOGA número ... e data ... e no BOE número ... de data ...

DECLARA:

Que coñece o contido das bases reguladoras desta convocatoria, que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpren todos e cada un dos requisitos eixidos nas bases, que se compromete caso de ser seleccionado a prestar xuramento ou promesa, segundo o establecido no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril. Xunto coa presente solicitude acompaño:

- Fotocopia compulsada do DNI.

- Fotocopia compulsada do título de diplomado en traballo social.

BARREIROS

Anuncio

En vista do que se SOLICITA:

Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación adxunta, para concorrer ó proceso selectivo incoado ó efecto para a selección de persoal laboral fixo para o posto de traballo convocado.

En Baralla, ... de ... de 200 ...

Ó SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA.

Baralla, 19 de xaneiro de 2010.- O ALCALDE, Manuel Jesús González Capón.

Pola Xunta de Goberno Local do Concello de Barreiros, en sesión celebrada o día 30 de decembro de 2009, procedeuse á adxudicación provisional do contrato de servizos para a redacción do Plan Xeral do Concello de Barreiros á UTE, DVEGA, Arquitectura, Territorio e Medio Ambiente, S.L. e PROYESTEGAL, S.L., pola contía de 198.360 €, (IVE incluído), o que se publica aos efectos do artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Barreiros, 30 de decembro de 2009.- O Alcalde, Alfonso Fuente Parga.

R. 00236

R. 00129

GUITIRIZ

Notificación edictal de resolución de expedientes sancionadores

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (B.O.E. 285 de 27 de novembro de 1992), faise pública notificación de resolucións recaídas nos expedientes sancionadores que se indican, dictadas pola autoridade competente segundo se dispón no artigo 68.4 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, as persoas ou entidades que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación no último domicilio coñecido, ésta non se puido practicar.

Contra a resolución que se traslada, pode interpoñer recurso de reposición ante a Sra. Alcaldesa no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xuzgado do Contencioso-Administrativo Provincial, no prazo de dous meses sen prexuízo de calquera outro recurso que estime oportuno.

No suposto de recorrer en reposición, o recurso contencioso-administrativo non se poderá interpoñer ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a desestimación presunta do mesmo (artigos 89, 108, 109, 110, 116 y 117 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999 e art. 46 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa).

As multas deberán aboarse dentro dos quince días hábiles seguintes ao da presente publicación, xa que de non facelo procederáse ó cobramento do importe pendente pola vía de constrenximento (apremio) de conformidade co establecido no artigo 21 do Regulamento do Procedemento Sancionador en materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado por el R.D 320/1994, de 25 de febreiro, incrementado co recargo de constrenximento que proceda sobre o seu importe e, no seu caso, os correspondentes xuros de mora.

Os correspondentes expedientes obran nos Servizos Administrativos, rúa do Concello,4 - Guitiriz.

Lugar e forma de pagamento:

a) Mediante ingreso na conta 2091/0122/01/3110000040 de Caixa Galicia, indicando nº de expediente, nome e matrícula.

b) Mediante xiro postal en correos, facendo constar nº de expediente, nome e matrícula.

c) Mediante ingreso na Tesourería do Concello de Guitiriz en horario de 9 a 14 h. de luns a venres.

Relación de suxeitos a que se refire este edicto:

LOCALIDADE	DENUNCIADO	DNI/NIF	EXPTE.	DATA	MATRICULA	CONTÍA	ART.	NORMA
VILALBA	Justo Amado Grandio	33.312.422	01555	05/08/09	8855DJY	90	171.b	R.G.C

Guitiriz, a 13 de xaneiro de 2010.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 00131

LUGO

DECRETO NÚMERO 61/2010 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DICTADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

Ilmo. Sr. don JOSÉ RÁBADE ARIAS, tte. de Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, once de xaneiro de dous mil dez.

Unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 241, do 18 de outubro de 2008, o Decreto nº 797/2008 do Libro de Resolucións en materia de persoal ó servizo da Corporación, polo que se aprobaron as listas de admitidos e excluídos no procedemento selectivo convocado para a cobertura, en quenda libre, de dúas prazas de bombeiros condutores e, polo que se concedeu un prazo de dez días hábiles para enmendas, presentándose escrito polos seguintes aspirantes:

- Don Oscar Franco Real, con data do 22-10-2008, presenta un escrito no que solicita sexa revisada a titulación presentada, sinalando que se trata dun orixinal e non dunha fotocopia. Feitas as comprobacións oportunas, compróbase que en efecto se trata dun orixinal.

- Don Alberto Rodríguez Alvaredo, con data do 23-10-2008 aporta un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

- Don Jorge Pellejero Pérez, con data do 23-10-2008 aporta un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

- Don André García Piñeiro, con data do 24-10-2008 aporta fotocopia compulsada da titulación esixida.

- Don Lino Lodeiro Barril, con data 24-10-2008 aporta un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

- Don Isaac Vázquez Rey, con data do 24-10-2008 aporta fotocopia compulsada da titulación esixida.

- Don Juan Manuel González Rey, con data do 27-10-2008 aporta un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

- Don Jorge López Coedo, con data do 27-10-2008 aporta fotocopia do DNI e un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

- Don Oscar Freire Cordero, con data do 27-10-2008 aporta fotocopia compulsada da titulación esixida.

- Don Carlos García Expósito, con data do 27-10-2008 aporta un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

- Don Santiago Silvén López, con data do 27-10-2008 aporta fotocopia compulsada da titulación esixida e un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

- Don Alejandro López Rodríguez, con data do 28-10-2008 aporta fotocopia compulsada da titulación esixida.

- Don David Chan Dorelle, con data 28-10-2008 aporta un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

- Don Luis Mosquera Pombo, con data 28-10-2008 aporta un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

- Don Francisco José Cuenca García, con data 29-10-2008 aporta xustificante de ter aboado as taxas correspondentes dentro do prazo de presentación de solicitudes.

- Don José Manuel Requeijo López, con data 29-10-2008 aporta un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

- Don Diego Balsa Cobas, con data 30-10-2008 aporta un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

- Don Miguel Ángel López Díaz, con data 30-10-2008 aporta un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

- Don Óscar Fernández García, con data 30-10-2008 aporta un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

- Don Brais Óscar Paz Carreira, con data 30-10-2008 aporta un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

- Don Marcos Ferreiro Rey, con data 30-10-2008 aporta fotocopia compulsada da titulación esixida e un certificado médico conforme ó especificado nas bases da convocatoria.

Por todo o que, en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e acordos de dito Órgano de Goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18-10-2004 e do 20-6-2007, respectivamente, RESOLVO:

Primeiro.- Aproba-la lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto do Libro de Resolucións en materia de persoal ó servizo da Corporación, de data do 9 de xullo de 2008, número 558/2008, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 170, do 24 de xullo de 2008, e correspondente as prazas incluídas na Oferta de Emprego Público do Concello de Lugo para o ano 2008, en quenda libre, que de seguido se indican:

ADMITIDOS:

ABUÍN FERNANDEZ, ANTONIO	33330072-J
ALONSO ÁLVAREZ, PABLO	44426232-F
ALONSO IGLESIAS, MARCO ANTONIO	36156436-E
ÁLVAREZ ESTREMEIRO, CARLOS	77595389-J

AMADO ALLEGUE, MIGUEL	32708481-C	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, JAVIER	33537015-W
AMENEIROS FUNCSTA, ANDRES	33998197-B	FERNÁNDEZ GARCÍA, OSCAR	33541807-X
ARES CARRERA, IVAN	36137989-K	FERNÁNDEZ LÓPEZ, MARCOS	33349957-A
ARES MAURIZ, FERNANDO	32705036-W	FERNÁNDEZ PEREIRA, DIEGO	33350710-C
ARIAS BOUZÓN, JOSE MANUEL	36156999-X	FERNÁNDEZ PÉREZ, DAVID	44476632-Z
BABIO GARCÍA, JOSE MANUEL	32817698-X	FERNÁNDEZ SOMOZA, DIEGO	33305521-A
BALSA COBAS, DIEGO	78797016-M	FERNÁNDEZ VILLAMIEL, JOSÉ MARÍA	33856347-W
BOUZA LEIRO, ADRIÁN	32698319-R	FERREIRO REY, MARCOS	44834182-Y
BREY LOUZAO, MIGUEL	78793583-E	FONSECA FERRADANES, SERGIO	53116203-A
BRUCK ÁLVAREZ, DAVID	77595066-N	FORMOSO LÓPEZ, ANTONIO	32699538-R
CANITROT OTERO, MARCIAL	44809264-C	FRAGA DOPICO, ADRIÁN	32706039-Q
CANOSA FERRIO, OSCAR LUIS	47377847-D	FRANCO REAL, OSCAR	33544004-E
CAO OREIRO, JOSE MANUEL	32845455-Y	FREIRE CORDERO, OSCAR	33333428-B
CARAMES RÍOS, JOSE ANTONIO	34888338-Y	GARCÍA EXPÓSITO, CARLOS	34262913-C
CARBALLEIRA FRAGA, IVAN	33325037-S	GARCÍA FACHAL, JULIO	79320646-V
CARBALLES LÓPEZ, VICTOR MANUEL	33328756-P	GARCÍA GIL, CESAR	44817280-D
CARRO NOYA, MICHAEL	47364633-C	GARCÍA LÓPEZ, LUÍS	46911485-H
CASTRO BAO, LUÍS MIGUÉL	44844774-H	GARCÍA NÚÑEZ, IVÁN	76414632-F
CASTRO LÓPEZ, JOSE	76623496-P	GARCÍA PÉREZ, DAVID	76418417-C
CASTRO REAL, RUBEN	33345340-D	GARCÍA PIÑEIRO, ANDRÉ	44841102-A
CEDRÓN ÁLVAREZ, ANTONIO	33346487-Y	GARCÍA SANTOS, JOSÉ MANUÉL	44805637-G
CERCEDA RODRÍGUEZ, JUAN JOSE	33342401-Z	GARCÍA VÁZQUEZ, JOSÉ ANTONIO	34265120-L
CHAN DORELLE, DAVID	36124967-V	GARCÍA VERDE, JAVIER	45846454-W
CHAS VÁZQUEZ, DIEGO	53165421-R	GARRIDO IGLÉSÍAS, CARLOS	53185704-K
CIVEIRA DOBARRO, AGUSTÍN	44829795-N	GARRIDO REY, DAVID	44075937-W
COMESAÑA ABALDE, IVÁN	36127286-J	GESTAL VIQUEIRA, SANTIAGO ISIDRO	32792412-R
COUTO RODRÍGUEZ, EDUARDO JOSE	32844819-Z	GÓMEZ GARCÍA, NELSON	32712823-S
CUENCA GARCÍA, FRANCISCO JOSÉ	43455890-N	GÓMEZ MARTÍNEZ, MIGUÉL ÁNGEL	32679410-K
CUPEIRO MARTÍNEZ, PABLO	46911415-V	GONZÁLEZ CASAL, JOSÉ FIDEL	32671025-P
DE ALMEIDA REY, FERNANDO JOSE	45906422-D	GONZÁLEZ CERREDA, PABLO	44447309-Q
DE ANTÓN SÁNCHEZ, RAÚL	53162640-A	GONZÁLEZ CHAO, JOSÉ MIGUÉL	76574056-H
DE PAZ FERREIRO, ENRIQUE JOSÉ	32694624-D	GONZÁLEZ MONTOTO, JUAN CARLOS	46897982-Q
DELGADO EDREIRA, IVÁN	46917778-D	GONZÁLEZ PEDREIRA, FEDERICO	32676302-H
DÍAZ EXPÓSITO, JOSÉ IGNACIO	33340387-R	GONZÁLEZ REY, JUÁN MANUEL	33297291-F
DÍAZ PITA, JOSÉ MARÍA	32684287-E	GONZÁLEZ ROMARIS, JAVIER	44824752-Y
DÍAZ RIVERA, DAVID	34265905-E	GONZALO FERNÁNDEZ, JULIO	36137309-P
DOMÍNGUEZ PENA, FRANCISCO MANUEL	52938950-B	HERNÁEZ LÓPEZ, IZASKUN	32664277-E
EXPÓSITO BALEIRÓN, PABLO	76929488-P	HERNÁNDEZ CRESPO, LUÍS MANUEL	79322860-T
FERNÁNDEZ ARRIBAS, ANTONIO JOSÉ	32707311-T	IGLESIAS BEIROA, BORJA	45845498-N
FERNÁNDEZ CEBREIRO, PEDRO	32672370-L	IGLESIAS RODRÍGUEZ, ANTONIO	34264414-A

JACOME SALGADO, RAFAEL	34889362-H	PAINCEIRAS FEAL, JOSÉ MANUEL	32698363-E
JIMÉNEZ ALONSO, GABRIEL	76992255-P	PAIS POZON, DAVID	44830884-C
JOVE REY, JAVIER	32680634-A	PAPIOL GÓMEZ, JORDI	36516773-H
LAGE ARES, JOSÉ ANTONIO	32691743-A	PAZ CARREIRA, BRAIS OSCAR	32844935-S
LAGE FLORES, JOSÉ MANUEL	33342377-J	PAZOS RODRÍGUEZ, RICARDO	32678477-P
LAMAS LÓPEZ, SERGIO	25453046-G	PEDREIRA MATO, FRANCISCO JAVIER	34896139-X
LEGIDO VILLAMAR, DAVID	12396131-M	PELLEJERO PÉREZ, JORGE	46903849-H
LEIRO CHAZO, FRANCISCO JAVIER	35464325-G	PEREDA LEGASPI, OSCAR	33345086-P
LEMONS ALBOR, JOSÉ MANUEL	44848678-N	PEREIRA MARTÍNEZ, ALEJANDRO	32698705-L
LODEIRO BARRIL, LINO	53543289-W	PEREZ VÁZQUEZ, ALBERTO	34266191-D
LÓPEZ ARIAS, MARCIAL	33333814-Y	PIN GRAÑA, FERNANDO	33324026-Q
LÓPEZ COEDO, JORGE	33539068-P	PIÑEIRO DE CASTRO, JAVIER	32697496-Y
LÓPEZ DÍAZ, MIGUEL ÁNGEL	34880538-A	PORTEIRO FREIJEIRO, DIEGO MANUEL	46918340-L
LÓPEZ DORADO, EDUARDO	33992398-P	PORTO ESPINOSA, VICTOR	51463369-H
LÓPEZ FERNÁNDEZ, OSCAR	32822560-L	POUTON REBOREDO, OSCAR	44089669-A
LÓPEZ GARCÍA, IVÁN	44820959-P	PRIETO BUGALLO, JAVIER	33348723-B
LÓPEZ HORTAS, JAVIER LUÍS	33342822-K	QUINDOS NEIRA, MARCOS	76579425-M
LÓPEZ MONTERO, MARCOS	34987843-J	RAMAL SÁNCHEZ, JAVIER	46913426-G
LÓPEZ PALACIOS, MIGUEL	33341848-J	REBOLO NUÑEZ, IVAN	33536591-S
LÓPEZ RODRIGUEZ, ALEJANDRO	32699839-A	RECAMAN HERMIDA, JOSÉ CARLOS	44083230-G
LÓPEZ TEIJEIRO, JUÁN RAMÓN	78479996-V	REQUEIJO LÓPEZ, JOSÉ MANUEL	33536724-X
LÓPEZ TRASHORRAS, ENRIQUE	33548605-T	RIAL BARREIRO, JACOBO	44811922-X
LORENZANA BARGUEIRAS, SERGIO	33336304-N	RICO TEIJEIRO, MIGUEL	32701385-P
MARTELO PASTORIZA, MANUÉL	53165326-K	RIVAS ABELEDO, CARLOS	52472576-P
MARTÍNEZ LEMOS, PABLO	53175492-K	RIVAS MOAS, CARLOS	44818565-Y
MARTÍNEZ LÓPEZ, JAVIER	33545759-Y	RODRIGUEZ AGUIN, MARÍA ANTÍA	76868214-Y
MARTÍNEZ MOREIRA, JOSÉ ANTONIO	32690625-N	RODRIGUEZ ALVAREDO, ALBERTO	33538551-C
MARTÍNEZ SANDA, JOSÉ VICTOR	44835153-B	RODRIGUEZ BALIÑA, MARCOS	33324744-K
MAYO GARCÍA, PEDRO	53167885-G	RODRÍGUEZ FRAGA, FERNANDO	44818278-H
MAYO ROO, MIGUEL	78799597-X	RODRÍGUEZ PÉREZ, OSCAR	34266204-E
MEIZOSO ALONSO, ALEJANDRO JOSÉ	32676697-E	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, DARÍO	34272313-J
MONTES VAZQUEZ, JOSÉ MANUEL	77402093-D	RODRIGUEZ VIDAL, DIEGO	35461977-W
MOSQUERA POMBO, LUÍS	44836286-V	ROIBAL ALBIZU, SEBASTIAN	34893440-W
MUIÑOS PAREDES, JAVIER	32687919-C	ROZAS CASTRO, DAVID	33542155-J
NOUCHE DOMINGUEZ, JUAN MANUEL	44812551-H	RUÍZ PRIETO, BRAIS	33545189-B
OITAVEN FERNÁNDEZ, MARCELO	33266663-S	SAAVEDRA MARTÍNEZ, GUILLERMO	09005474-P
OTERO BESTEIRO, FRANCISCO	33337089-S	SALGADO RECIO, VICTOR HUGO	44449611-H
OTERO GONZÁLEZ, ALBERTO	44817767-J	SALGADO VÁZQUEZ, LUÍS MIGUEL	33343152-Y
OTERO LAMEGO, MIGUEL ÁNGEL	44813561-Q	SÁNCHEZ MUNDIÑA, CARLOS JOSÉ	33345080-W
PAADIN FEAL, ALEJANDRO	32687957-N	SÁNCHEZ ORJALES, JOSÉ JUNIOR	32702071-G

SANZ GARCÍA, JOSÉ ANTONIO	45433586-F
SARANDESES SIEIRO, ANTONIO	44090941-X
SEGADE GARCÍA, MARTÍN ANDRÉS	52931661-J
SERANTES RICO, SUSANA	25157137-J
SERRANO LÓPEZ, ANTONIO	53181776-A
SILVEN LÓPEZ, SANTIAGO	32679031-X
SOBRAL PUJADES, HUGO	46907875-L
SOUTO VARELA, MARTÍN	33548178-X
SUÁREZ MARTÍNEZ, ÁNGEL JESÚS	76993860-A
SUÁREZ RAMOS, JUÁN MANUEL	46912957-H
TABOADA LÓPEZ, JOSÉ ÁNGEL	33537161-X
TATO ÁLVAREZ, MANOEL	32688046-D
TEJADA YÁÑEZ, ANDRÉ	33339789-R
TORRES OTERO, JOSÉ MANUEL	76779419-Z
TOUZA DEMANUEL, ROBERTO	44484539-D
TRIGAS DORADO, DANIEL	44472230-M
ULLOA LOBEIRAS, JOSÉ	32685225-V
VALLE PICO, JOSE	76578380-H
VARELA ÁLVAREZ, MIGUEL	45846945-X
VARELA PRADO, JOSÉ MANUEL	33342119-P
VÁZQUEZ BRAVOS, JOSÉ LUÍS	33541195-L
VÁZQUEZ HERNÁNDEZ, ALBERTO	36151463-V
VÁZQUEZ LÓPEZ, RUBÉN	33535385-M
VÁZQUEZ REY, ISAAC	32696248-T
VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, ALEJANDRO	32839209-Q
VEIGA PAZOS, LORENZO	45848466-J
VIGO LÓPEZ, SERGIO	44827709-L
VIGO RELLÁN, DARÍO	47355876-A
VILA MAYOR, PABLO	33538624-R
VILLAR LÓPEZ, MIGUÉL ÁNGEL	34892359-W
YÁÑES RIVAS, PABLO	33330068-D
EXCLUIDOS:	
- POR PRESENTAR A SOLICITUDE FORA DE PRAZO:	
PÉREZ ROMERO, RAMÓN	79331131-Z
- POR NON PRESENTAR A FOTOCOPIA DO DNI:	
MARTÍNEZ SAMPEDRO, ANXO	52934933-L
- POR NON PRESENTAR A FOTOCOPIA COMPULSADA DA TITULACIÓN ESIXIDA:	
IGLESIAS BALTASAR, JUAN CARLOS	44824063-F

- POR NON PRESENTAR A FOTOCOPIA DA TITULACIÓN ESIXIDA:

ALBERTE OTERO, DIEGO	44076835-A
MOREIRAS RÍOS, JUÁN MANUEL	78798898-R
SANCHEZ SEOANE, JOSÉ LUÍS	46900652-H
SEOANE CAMBON, DAVID	53160554-X

- POR NON PRESENTAR O CERTIFICADO MÉDICO:

FERNÁNDEZ MAGADAN, CARLOS	76574838-H
---------------------------	------------

- POR NON ADAPTARSE O CERTIFICADO MÉDICO Ó ESPECIFICADO NA CONVOCATORIA:

CORTÉS CASAL, PABLO	32844224-V
FERRO SÁNCHEZ, JAVIER	78802231-E
GAGO GÓMEZ, LUÍS IVÁN	33546334-Y
LAMPÓN PREGO, MANUEL	53480542-E
LÓPEZ BARBERO, DAVID MARCOS	34898299-P
LÓPEZ SOMOZA, JOSE	33339116-H
LOSADA ÁLVAREZ, PABLO	76581740-C
SANTEIRO VILAR, ADRIÁN	33544126-Y

- POR NON PRESENTAR A FOTOCOPIA COMPULSADA DA TITULACIÓN ESIXIDA E NON ADAPTARSE O CERTIFICADO MÉDICO Ó ESPECIFICADO NA CONVOCATORIA:

LEIRA CAPARRÓS, JOSÉ LUÍS	32834406-C
SAEZ RODRÍGUEZ, DAVID	53166062-K

- POR NON PRESENTAR XUSTIFICANTE DO ABOAMENTO DAS TAXAS, FOTOCOPIA DO DNI, FOTOCOPIA COMPULSADA DA TITULACIÓN ESIXIDA E O CERTIFICADO MÉDICO:

MANGAS RAMOS, FRANCISCO JAVIER	80073153-X
--------------------------------	------------

Segundo.- Proceder á designación nominal do Tribunal cualificador do procedemento selectivo convocado por este Concello para o acceso en propiedade de 2 prazas de bombeiro condutor vacantes no cadro de persoal funcionario do Concello de Lugo, en quenda libre, e que estará constituído polos seguintes membros:

Presidente:

Dona Marta López Peña, Xefa do Servizo de Persoal do Concello de Lugo.

Suplente: Dona M^a Jesús López Vázquez, Técnico de Administración Xeral do Concello de Lugo.

Vogais:

Don Manuel Fernández Álvarez, bombeiro do Concello de Monforte.

